



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 40 – AGOSTO 2008

### ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos (Lugo)-Avenida da Fábrica da Luz s/n, 27004 Tfno.: 982 245 142

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32.660 – Ourense Tfno.: 988 442 428

Correo Electrónico: [ovica@ovica.org](mailto:ovica@ovica.org)

Páxina web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

### MEDIO RURAL INICIARÁ A VACINACIÓN PREVENTIVA CONTRA A LINGUA AZUL

A Consellaría do Medio Rural procederá a inicalo programa de **inmunización da cabana gandeira contra a lingua azul**, que se desenvolvera de setembro a decembro de 2008 en Galiza, con dúas doses de dúas vacinas subministradas a un total de 1.400.000 animais, entre vacas, ovellas e cabras.

Galiza sumaríase así ás medidas recentemente adoptadas por Cataluña e Aragón, comunidades que actualmente están libres da enfermidade, igual que Galiza, aínda que ameazadas polo seu avance no norte do Estado español e en Europa e que xa comezaron a vacinación neste mes de agosto ante o avance da circulación viral en territorios próximos (Francia, Navarra e País Vasco).

O obxectivo é o de controlar a enfermidade a través da actuación preventiva anticipada. **Esta vacina non terá custe para os gandeiros**, e aplicaráselle a tódolos ruminantes de máis de 3 meses, que quedarán inmunes 60 días despois de recibir a segunda dose.

A Consellaría do Medio Rural lembra que a lingua azul é unha enfermidade vírica que lle afecta exclusivamente ás especies gandeiras, sen ningunha incidencia na saúde pública.

### AXUDAS

#### ORDE DO 31 DE XULLO DE 2008

Pola que se modifica a Orde do 2 de maio, pola que se modifica a Orde do 11 do marzo de 2008 pola que se regulan e convocan axudas para a compra de gando bovino e ovino-cabrún que teña por obxecto a **reposición das reses como consecuencia do sacrificio obrigatorio** en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades dos animais.

#### RESOLUCION DO 17 DE XULLO DE 2008

Axudas e subvencións para o **acceso das mulleres á cotitularidade de explotacións agrarias** como fórmula de loita contra a discriminación no mercado de traballo.

Prazo ata 30 de outubro de 2008!

#### ORDE DO 12 DE AGOSTO DE 2008

Axudas para programas de valorización integral e promoción da multifuncionalidade do monte

Prazo ata 20 de setembro de 2008!

#### ORDE DO 19 DE AGOSTO DE 2008 !! MOI IMPORTANTE !!

Estas axudas, destinadas a facer fronte ós custes dos **Servizos de Aconsellamento**, deberan solicitálas tódolos titulares de explotacións demandantes deste tipo de servizo, que facilitará o cumprimento da **Condionalidade**, dos compromisos asociados ó contrato de explotación sustentable (**CES**), programas de xestión...

A axuda subvencionará como máximo o 80% do gasto e esta limitada a un máximo de 1.500 € por beneficiario e servizo prestado, con un máximo de 3 servizos no período 2007-2013. Prazo ata 26 de setembro de 2008!

### RAZAS: SUFFOLK



Orixinada en Inglaterra no s. XVIII, resultado do cruce entre ovellas Norfolk e carneiros Southdown. Raza moi extendida e usada para cruces, apreciada polas cualidades cárnicas e velocidade de crecemento.

- Boa conformación e rendemento cárnico
- Raza precoz, con partos fáciles ó cruzar con outras razas
- Prolificidade elevada: 1,62
- Alta velocidade de crecemento dos anos. En partos simples a ganancia media diaria pode chegar ós 400 gr/día, e acadando facilmente de 25 a 33 kg en 70 días.
- Peso dos machos: 125-130 kg
- Peso das femias: 75 – 90 kg



# CAIXA RURAL GALEGA

## COMPRA - VENTA

- Como Cabras S.C.G. (Castro Caldelas – Ourense) Tfno. 659083339 – 628474264, vende:
  - Venta de cabritos vivos, de poucos días, para criar na casa, 20 €/unidade
  - Véndense cabritas raza murciano - granadina para recría, 135 €/unidade
  - Vendese esterco de cabra
- Véndense años/as INRA 401 para recría. Neda (A Coruña) Tfnos.: 981359825 – 646 063 428
- Vendese rebaño 160 cabras con dereitos en Porqueira (Ourense) Tfnos.:661 323 292/93
- Véndense rebaño de 107 ovellas (unhas 60 preñadas). Prezo: 6.000 €Tfno.: 609005921 (Miguel)
- Vendese tractor JD2140DT, segadora Khun con acondicionador 2,4 m de corte e rotoempacadora Deutz. Tfno.:679455138
- Véndense herba seca en rolos e esterco de ovella. Maceda (Ourense). Tfno.:649882625

## SANIDADE: DESPARASITACION

A pauta de manexo sanitario mais importante no gando ovino e caprino e a desparasitación. Para levar un bo control parasitario no noso rebaño teremos en conta as prácticas de manexo, as datas de saída o pasto, os períodos de estabulación, ademais do historial parasitolóxico da explotación e das explotacións do entorno.

O obxectivo e reducir a presenza e multiplicación dos parasitos. Hai que cortar o ciclo do parasito no momento oportuno. Por elo e recomendable que sexa o voso veterinario da AD5G ACIVO o que faga o plan de desparasitación en función das condicións da explotación, patoloxías existentes, etc..

As pautas de actuación en canto a datas de tratamento e produto a empregar serán variables en función do historial parasitario do rebaño.

### DESPARASITACIÓN INTERNA

- **Animais adultos:** aconséllanse dúas desparasitacións anuais, unha en primavera (que cubra parasitos gastrointestinais e pulmonares), e outra en outono con outro produto específico. E importante ter en conta a limitación de antiparasitarios a usar en gando de leite no período de muxido, debido o longo período de supresión.

- **Cordeiras de reposición:** e aconsellable desparasitalas internamente sobre 1 ou 2 meses de vida e controlalas durante o primeiro período de pastoreo por se é necesario repetirlles o tratamento. Para o control dos niveis de parasitación e importante facer un manexo racional do pastoreo. Neste sentido e aconsellable que as cordeiras pasten antes as pradeiras e non despois das ovellas.

- **Cans:** e importante desparasitar cada 3 meses os cans que esten en contacto co rebaño, así como evitar alimentalos con cadáveres ou despojos.

### DESPARASITACIÓN EXTERNA

Podese realizar con produtos inxectables ou por baño, ducha ou pulverización. Recomendase facelo uns 15 días despois da rapa. En caso de problemas de parasitos externos e recomendable empregar o mesmo produto do baño para desinsectar os locais nos que se atopen os animais.

### PRECAUCIÓNS ANTES DA DESPARASITACIÓN

Antes de aplicar calquera tratamento antiparasitario consulta co teu veterinario da AD5G ACIVO. El debera indicarte como se ten que aplicar, cando, onde, a dosificación, etc.. Ademais debera expedir unha receta e encher o libro de tratamentos.

Non e recomendable aplicar tratamentos antiparasitarios no momento da cubrición nin nos 20 días posteriores porque pode afectar a fertilidade. En tratamentos inxectables e aconsellable cambiar as agullas empregadas cada 20-25 animais como máximo.

## FEIRA DE SAN FROILAN 2008

Ó igual que nos dous anos anteriores OVICA asistirá á Feira Multisectorial San Froilán 2008, que se celebrará do 3 ó 6 de outubro de 2008 no Recinto Feiral. Como sempre, OVICA fará posible a presenza de animais de diferentes razas de ovino e caprino.

## ASAMBLEA XERAL

Como ben sabedes, OVICA celebrou o pasado 26 de agosto unha Asamblea Xeral Extraordinaria coa finalidade de adaptalos Estatutos da asociación á lexislación vixente e poder ser recoñecida como entidade de aconsellamento e xestión pola Xunta de Galicia. Aprobouse por unanimidade dita modificación, polo que se procederá ós trámites necesarios para o seu rexistro.



**AD5G ACIVO**  
Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira  
de ovino e caprino de Galicia